

Acta da sesión extraordinaria da Corporación do Concello de Cerceda celebrada o día 30 de decembro de 2019.

Na Sala de Plenos da Casa Consistorial do Concello de Cerceda (A Coruña), sendo as trece horas e trinta e tres minutos do día 30 de decembro de 2019, reúnese o Concello Pleno en primeira convocatoria, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente, co obxecto de celebrar sesión extraordinaria previamente convocada ó día da data, para a que foron previamente citados.

Asistentes:

Grupo Municipal Socialista:

D. José García Liñares.

D. Juan José Rodríguez García.

Dna. Cristina Capelán Cancelo.

D. Francisco Javier Boquete Cambón.

Dna. María Carmen Martínez Barreiro.

D. Jesús Rama Bello

Dna. Catrina Queijo García

Grupo Municipal Popular:

D. José Francisco Santos Regueiro.

Dna. Celia López Pallas.

Dna. Luz M^a Bello Vazquez

D. Jesús Picon Pardo

Grupo Municipal Mixto:

D. Alberto Sánchez Regueiro.

Secretaria accidental: M^a Julia Loureiro Pereiro.

Non asiste a concelleira do Grupo Municipal do PP, Dna. Lorena García Costa A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 46.2 c. da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, para a válida celebración das sesións do Concello Pleno, declara aberta esta, pasándose ó estudio dos asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

Primeiro: Aprobación, se procede, da proposta ditaminada da Conta Xeral 2018.

Segundo: Aprobación, se procede, da proposición da Alcaldía de aprobación da modificación inicial da Ordenanza Fiscal Reguladora do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras.

Primeiro: Aprobación, se procede, da proposta ditaminada da Conta Xeral 2018.

O Sr. Alcalde, procede á lectura do acordo que se transcribe:

“Rematado o prazo de información pública de 15 días e 8 máis, sin que os interesados presentasen reclamacións, reparos ou observacións, xunto co informe da Comisión Informativa de Facenda e Especial de Contas e de acordo co previsto no artigo 212.4 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Ley Reguladora das Facendas Locais, sométese ó Pleno

Primeiro.- Aprobar a Conta Xeral de 2018, co seguinte resumo:

1. Orzamento de gastos
Créditos iniciais: 9.871.508,61 euros.
Modificacións: 1.207.461,94 euros.
Créditos definitivos: 11.078.970,55 euros.
Obrigas recoñecidas: 8.122.724,50 euros.
Pagos realizados: 8.008.716,10 euros.
2. Orzamento de ingresos
Previsións iniciais: 9.871.508,61 euros.
Modificacións: 1.207.461,94 euros.
Previsións definitivas: 11.078.970,55 euros.
Dereitos recoñecidos netos: 8.611.055,61 euros.
Recadación neta: 8.550.961,22 euros.
3. Dereitos pendentes de cobro: 60.094,39 euros.
4. Obrigas pendentes de pago: 114.008,40 euros.
5. Resultado orzamentario: 419.940,65 euros.
6. Remanente líquido de tesouraría: 808.107,36 euros.

2) Rendir ante o Consello de Contas a Conta Xeral 2018.”

Intervencións que se citan:

Toma a palabra o concelleiro Sr. Sánchez, para dicir que lle chama á atención dúas cousas, a primeira é relativa o recoñecemento da débeda que ten contraída o José Antonio Silveira Sánchez, co Concello, derivada dun pacto por unha sentenza, na que se detalla o seu incumprimento e o estado de devolución da mesma. E a segunda, e que a Interventora dí que esta conta non se puido rendir antes pola inseguridade xurídica da situación derivada das sentencias xudiciais do Sr. Alcalde.

Contesta o Sr. Alcalde que no relativo a devolución do debido polo D. José Antonio Silveira, que se trata dun acordo incluído nunha sentenza, que ese asunto está xudicializado porque xa se pediu a execución da sentenza. No referente a mención da súa situación xudicial personal para xustificar o retraso na aprobación da Conta , dí que non é certa a inseguridade xurídica que sempre houbo un Alcalde é que se podía traballar sen problema, pero cada un busca a excusa que quere para xustificarse, e asegura que non houbo motivo para retrasar a conta.

Sométese a aprobación a Conta Xeral 2018, que resulta aprobada por sete votos a favor (Grupo Municipal Socialista) e cinco en contra (Grupo Municipal Popular e Mixto).

Segundo: Aprobación, se procede, da proposición da Alcaldía de aprobación da modificación inicial da Ordenanza Fiscal Reguladora do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras.

O Sr. Alcalde, procede á lectura do acordo que se transcribe:

“Antecedentes

Como medida de apoio e fomento das explotacións gandeiras e agropecuarias, sector fundamental para a economía de moitas familias neste Concello, considérase preciso adoptar medidas que axuden a afrontar a modernización, e polo tanto, a competitividade neste sector primario, fundamental para o desenvolvemento económico.

Esta medida consiste na bonificación dun 50% no imposto sobre construcións, instalacións e obras directamente relacionadas cas explotacións gandeiras e agropecuarias. Bonificacións que xa estaban recollidas na ordenanza fiscal vixente neste Concello, pero sen desenvolver, o que facía imposible a súa aplicación.

Consideracións Xurídicas

O procedemento de elaboración, aprobación e publicación das Ordenanzas Fiscais e o establecemento e ordenación do tributo, así como a fixación dos elementos necesarios en orde á determinación das respectivas cotas tributarias, así como as modificacións das correspondentes ordenanzas fiscais, establécese no artigo 17 do Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.

As bonificacións sobre a cota deste imposto recollense no art. artigo 103.2.a) do Texto refundido da Lei reguladora de facendas locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.

Debe terse en conta tamén a regulación que introduce Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, fundamentalmente no que respecta ás actuacións previas antes da aprobación inicial.

Este Concello non ten aprobado o Plan Anual normativo correspondente o ano 2019, que deberá conter as iniciativas regulamentarias que serán elevadas ó Pleno para a súa aprobación neste ano.

Sendo competencia do Concello Pleno, conforme o artigo 22.2 d) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, a aprobación provisional e definitiva dos Regulamentos e Ordenanzas, propónse a adopción do seguinte

Acordo

Primeiro. Aprobar provisionalmente a modificación da Ordenanza fiscal, núm. 7, reguladora do imposto sobre construcións, instalacións e obras, cuxo texto se transcribe no anexo.

Segundo. Someter o expediente a información pública e audiencia ós interesados polo prazo de trinta días hábiles para a presentación de reclamacións e suxerencias, prazo que comenza a partir do día seguinte ó da publicación do anuncio no BOP. Deberá publicarse así mesmo no Taboleiro de anuncios do Concello.

Terceiro. No caso de non presentarse reclamacións ou suxerencias, entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional. Para a entrada en vigor deberá publicarse no Boletín Oficial da Provincia íntegramente o texto definitivo da Ordenanza e entrará en vigor ó día seguinte da mesma, en conformidade cos artigos 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local e o artigo 17.4 do Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.

Anexo

Artigo Primeiro. Modificar ó artigo 8.- Bonificacións, engadindo o seu apartado 1 , o subapartado 1.1., do seguinte tenor literal:

“1. Establécese unha bonificación de ata o 50 por cento a favor das construcións, instalacións ou obras que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico-artísticas ou de fomento do emprego que xustifiquen tal declaración.

1.1.-A estes efectos decláranse de interese social as obras de construción, ampliación, reforma e conservación de explotacións gandeiras e agropecuarias no término municipal de Cerceda, que cumpran ca normativa urbanística e dispoñan de licenza de apertura ou, de ser o caso, esta estivese substuída pola presentación de declaración responsable ou comunicación previa, previa tramitación do expediente ambiental que corresponda. A bonificación será do 50% da cota e outorgarase, de ser o caso, previa solicitude por escrito do interesado, a cal deberá presentarse previamente ó pago do ICIO por parte do interesado, e elevarase ó Pleno Corporativo, o cal decidirá por maioría simple sobre a súa concesión ou non.

A presente bonificación levarase a cabo sobre as naves, rochos, etc, vinculados directamente á explotación, sen que en caso algún poida efectuarse a mesma sobre edificacións destinadas a vivenda ou outros usos non gandeiros ou agropecuarios.

En ningún caso procederá a aprobación da citada bonificación se a obra foi iniciada sen a oportuna licenza, declaración responsable ou comunicación previa, salvo no caso de legalización de explotacións preexistentes nos termos sinalados pola normativa vixente.”

Intervencións que se citan:

O Sr. Santos toma a palabra para dicir que non entende por qué non houbo comisión informativa para debatir este asunto, que é o trámite normal, e pregunta que esta bonificación xa existía, e si se aplicou, e de facelo como se fixo. Considera que é unha bonificación raquítica, que se podería ampliar a máis casos non só a as explotacións agropecuarias. E aproveita esta intervención para felicitar a todos o vindeiro ano.

Contesta o Sr. Alcalde , que é unha modificación da ordenanza ou mais ben unha aclaración, que non se aplicaba por falta de desenvolvemento, e posiblemente volverase a traer o pleno para aumentar a bonificación xa que a Lei permite ata un 95%, en canto as obras que se refiren son todas as dedicadas a explotación agraria ou gandeira, se non se dedica a esta actividade non será de aplicación.

Sométese a aprobación ratificación da inclusión deste asunto no orde do día, que resulta aprobada unanimidade dos concelleiros asistentes.

Sométese a aprobación o acordo, que resulta aprobada por unanimidade dos concelleiros asistentes.

O Alcalde procede a desexar un feliz ano novo, e levántese a sesión sendo as trece horas e corenta e sete minutos do día que se sinala no encabezado, do que eu secretaria accidental, extendo a presente acta.